

**Acta núm. 19/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 19 de novembro de 2024.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 19 de novembro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2024, DO 05/11/2024.
- 2º) ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS CONTRA A INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO CONCILIA NADAL 2024.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2024, DO 05/11/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.11.2024, acta núm. 18/2024.

SEGUNDO.- ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS CONTRA A INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

a) Deuse conta do escrito de alegacións presentado por Marta Fernández Castro, que actúa en representación de NORVENTO, S.L.U., contra resolución de alcaldía de data 08.08.2024, ratificada pola Xunta de Goberno Local en data 10.09.2024, pola que se acorda incoar expediente para declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por Marta Fernández Castro, en representación de NORVENTO S.L.U., para a execución do parque eólico denominado parque eólico Olerón, a emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión, ao non axustarse á lexislación aplicable, segundo informe do técnico municipal de data 07.08.2024, incorporado ao expediente.
Visto o informe do asesor xurídico urbanístico do Concello de data 14.11.2024, no que se sinala:

INFORME XURÍDICO.

ASUNTO: Declaración de ineficacia de comunicación previa.

OBXECTO: Parque Eólico Olerón.

PETICIONARIA: NORVENTO SLU.

I.- ANTECEDENTES.

1.- En data 29.07.24 Norvento SLU presenta comunicación previa para a implantación dun Parque Eólico entre os municipios de Brión e Rois.

2.- En data 8 de agosto de 2024 acórdase incoar expediente para a declaración de ineficacia da comunicación previa, por entender que se trata dunha obra suxeita a licenza, que non se aporta informe da Consellería de Cultura sobre a eventual afección á Capela de Santa Cecía, e non se indica no proxecto si os camiños que se prevén no mesmo son existentes ou de nova apertura (coa prohibición que a tal efecto recolle o art. 37 da Lei 2/2016).

3.- Conferido traslado á empresa promotora, esta presenta escrito de alegacións achegando copia do Informe Favorable da Consellería de Cultura e xustificando que se trata dunha actuación levada a cabo ao abeiro da Disposición Adicional Cuarta do Decreto Lexislativo 1/2015, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de política industrial en Galicia, e que a apertura de novos camiños está expresamente prevista no art. 40.4 da Lei 8/2009, aportando un novo exemplar do proxecto no que se diferencian os camiños existentes dos novos.

II.- NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 2/2016, do Solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

III.- INFORME.

1.- Respecto das tres cuestións que se fixeron constar na incoación do expediente de declaración de ineficacia reseñados no apartado segundo dos antecedentes de feito, a empresa peticionaria xustifica, co seu escrito de alegacións, contar informe favorable da Consellería de Cultura, antecedente que non se presentou coa solicitude inicial e que resultaba imprescindible para poder autorizar a instalación. Unha vez aportado tal informe e xustificado que a actuación non afecta ao elemento “Capela de Santa Cecía” pode considerarse efectivamente que tal cuestión non constitúe atranco para a autorización da mesma.

2.- Respecto da apertura de novos camiños, a empresa aporta un novo exemplar do proxecto no que se distinguen os camiños existentes dos de nova apertura, e alega que tal posibilidade está expresamente prevista no art. 40.4 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

O argumento non podería prosperar si efectivamente o tenor do art. 37 da Lei 2/2016 impedise de xeito absoluto a apertura de camiños, dado que en tal caso a norma invocada pola empresa tería que entenderse derogada pola Lei 2/2016.

Sen embargo, o tenor literal do art. 37 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, indica que “no solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados no plan urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, salvo no caso dos camiños

rurais contemplados nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, minas, montes ou medio ambiente”.

Pode entenderse, por tanto, que se trata da situación descrita no derradeiro inciso da norma citada.

3.- Por último, a empresa alega tamén que para a actuación solicitada resulta dabondo unha comunicación previa, por así dispoñelo a Disposición Adicional Cuarta do Decreto Lexislativo 1/2015.

Neste punto a cuestión é máis dubidosa, xa que tal como indica o informe técnico que serviu de base á incoación do expediente de declaración de ineficacia, trátase de obras que parecen precisar de proxecto, e neste aspecto nin a Lei 2/2016 nin o seu Regulamento dan cabida á interpretación derivada da aplicación da normativa invocada pola alegante, que é de data posterior. Non obstante, dado que de calquera maneira, coa comunicación previa presentouse un proxecto asinado por técnico competente, que novamente se presenta, ampliado e actualizado co escrito de alegacións, debe entenderse que o resultado material da actuación é o mesmo, xa que con ocasión do procedemento de declaración de ineficacia finalmente se deu lugar a unha resolución expresa sobre o contido da solicitude e polo tanto os efectos dun título habilitante e o outro son os mesmos, polo que atendendo a principios de economía procedimental non parece procedente declarar a ineficacia da comunicación previa por este motivo.

Conclusión: Procede a estimación das alegacións formuladas pola empresa e, por tanto, non haber lugar á declaración de ineficacia da comunicación previa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Estimar as alegacións formuladas pola empresa e, por tanto, non haber lugar á declaración de ineficacia da comunicación previa, deixando sen efecto a resolución de alcaldía de data 08.08.2024 ratificada pola Xunta de Goberno Local en data 10.09.2024, pola que se acordaba incoar expediente para declarar a ineficacia da comunicación previa presentada.

2º) Notificar á/ás persoa/as interesada/as no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda.

3º) Dar conta deste acordo ao departamento de Urbanismo aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA MARÍA GONZÁLEZ GRAELL, na que comunica que vai facer un pozo de barrena, a instalar na parte traseira dunha parcela sita no lugar de A Caxusa nº 17- Bastavales, para usos privativos e dar subministro de auga potable a mesma.

A parcela (referencia catastral 8010109NH2481S0000IM) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución de Augas de Galicia de data 20.09.2024, (clave DH.B15. 102250), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O pozo afastarase a máis de 5 metros dos lindes da parcela.
- Deberá cumprir as condicións impostas na resolución de Augas de Galicia de data 20.09.2024, (clave DH.B15. 102250).
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 87,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 151,67 euros.

b) Deuse conta da comunicación previa presentada por Marta Fernández Castro, que di actuar en representación de NORVENTO S.LU., para a execución do parque eólico, denominado parque eólico Olerón, a emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión, consonte co proxecto de execución asinado polo enxeñeiro industrial Pablo María Fernández Castro, que conta con visado colexial de data 16.01.2023.

Os terreos afectados pola presente obra están clasificados polo PXOM de Brión como solo rústico de protección de monte alto (RMA), categoría que se corresponde coa categoría de solo rústico de especial protección forestal, segundo o artigo 34 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións de Augas de Galicia de data 21.06.2022 (expte. DH.V15.84968), prorrogada en data 28.05.2024, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de data 06.02.2024, e do informe do técnico municipal de data 12.11.2024, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 82.470,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82.535,46 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARINA MONTERO FARIÑA, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre) de 40 m², con fábrica de bloque rematado en branco, na parte rústica dunha parcela sita en Soigrex – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 15013B503018690000MS) onde se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións, parte, en solo de núcleo rural (305,75 m²), séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 e parte en solo clasificado como solo rústico, 2.272,25 m²) segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, e artigo 34.2 da Lei 2/2016, e atopase dentro da zona de policía dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 12.08.2024 (expte. DH.W15.100541), e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 5 m. dos lindeiros e da parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural.
- A cubrición do alpendre será de tella de barro cocido.
- Inscribírase no Rexistro da Propiedade a renuncia á divisibilidade da parcela con unha vixencia indefinida.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,13 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 198,70 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN MANUEL BLANCO ATÁN, na que comunica que vai construír un peche de parcela na Avda. de Noia 45 - Os Ánxeles, parte en contacto coa vía pública. O peche farase con muro de formigón de 80 centímetros de altura, postes e reixa metálica de 1 m., por enriba, ata unha altura total de 1,80 m. dende a rasante natural do terreo.

A parcela (referencia catastral 6647302NH2464N0001YD) onde se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1) e linda coa estrada AC -543 nun tramo urbano de titularidade municipal segundo o Decreto 77/2023 do 8 de xuño, polo que se aproba o cambio de titularidade do treito AC-543 comprendido entre o p.q. 8+390 e o p.q.10+000, xunto co seu dominio público viario, agás a calzada circular e beiravías das glorietas do p.q. 9+310 (conexión coa AC-304 e do p.q. 9+730 (conexión coa AC-300 e a AC-451), a prol do Concello de Brión, publicado no DOG do 20 de xuño de 2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 63,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,05 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ÁNGEL GARCÍA TARRÍO, na que comunica que vai executar obras de rehabilitación e impermeabilización da fachada posterior da vivenda nº 3 de Mato (A Luaña), con sistema "sate" sobre o plano de fachada e acabado en tons claros.

A edificación (referencia catastral 9540802NH1494S0001GZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 147,82 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 212,39 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por Bernardo José Fraga Galdo, que di actuar en representación de SABELA OCA GONZÁLEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Guisande 50 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 22.12.2020 concedeu licenza a Sabela Oca González e Juan Álvarez Rodríguez, para a construción dunha vivenda unifamiliar e unha piscina en Guisande 50, Os Ánxeles, segundo modificado de básico e proxecto de execución asinado pola arquitecta Susana Pérez Pereiras, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 11.11.2020 e documentación complementaria visada o 14.12.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Susana Pérez Pereiras, con data 18.04.2023, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con data 03.05.2023, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO .- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago Iglesias Fernández, que di actuar en representación de RUBÉN SERRANO SOMOLINOS, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Fonteparedes – Ons, segundo proxecto técnico redactado polo arquitecto Santiago Iglesias Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 31.10.2024 (expte.2405670).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral núm. 1791703NH2419S0001AJ.
Superficie: 1.375 m².

Lindes:

Norte: camiño público.

Sur: Antonio García García.

Leste: Celestino Cantelar Riveiro, Antonio García García.

Oeste: Vial público.

Clasificación: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

Segregación pretendida:

Parcela 1.

Superficie neta: 510,00 m²

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: parcela 2.

Leste: Celestino Cantelar Riveiro, Antonio García García.

Oeste: Vial público.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

Parcela 2.

Superficie neta: 683,16 m²

Lindes:

Norte: parcela 1.

Sur: Antonio García García.

Leste: Celestino Cantelar Riveiro, Antonio García García.

Oeste: Vial público.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

Parcela de cesión.

Superficie: 181,84 m².(distancia ao aliñamento de 4 metros do eixe do vial).

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: Antonio García García e Parcela 1.

Leste: Parcela 1 e Parcela 2.

Oeste: Vial público.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 181,84 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.
Total: 193,71 euros.

SIXTO.- ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO CONCILIA NADAL 2024.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 08.11.2024 de prezo público para a asistencia á actividade de conciliación Concilia Nadal 2024, que se realizará no Concello de Brión no Nadal 2024.

Vistos o informe técnico do 08.11.2024 e o informe de intervención do 11.11.2024.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de conciliación Concilia Nadal 2024, na contía de: 25,00 euros por participante.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González